



ELABORACIÓN DE LISTAS PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO GRUPO V, CATEGORÍA 003 (ORDENANZA E OUTRAS), A CUBRIR POR PERSOAS QUE ACREDITEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

Pola Orde do 25 de febreiro de 2016 da Consellería de Facenda, DOG núm.45 do 7 de marzo, convocouse proceso selectivo para o ingreso no grupo V, categoría 003 (ordenanza e outras), de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

O punto quinto da convocatoria, relativo á lista de aspirantes á contratación temporal, establece que “a puntuación dos aspirantes que aproben o primeiro exercicio pero non superen o proceso selectivo terá a consideración de mérito para acceder ao desempeño transitorio de postos da mesma categoría profesional”.

O Decreto 37/2006 do 2 de marzo (Diario Oficial de Galicia núm.48 do 9 de marzo), modificado polo Decreto 124/2016 do 8 de setembro (Diario Oficial de Galicia núm.178 do 19 de setembro), regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

O artigo 4 do Decreto 37/2006, modificado polo Decreto 124/2016, dispón que se constituirá unha comisión permanente como órgano colexiado competente para a elaboración e control do funcionamento das listas.

En atención ás circunstancias específicas do proceso selectivo referenciado excepcionase o disposto no segundo parágrafo do artigo 9.a do Decreto 37/2006 procedéndose a elaborar unha lista propia para a provisión temporal de postos de traballo por aquelas persoas inscritas e admitidas no proceso selectivo convocado pola Orde do 25 de febreiro de 2016 que soliciten a súa inclusión na lista.

Para estes efectos na orde do día da vindeira xuntanza da comisión permanente que terá lugar o día 26 de xuño de 2018 incluírase para a súa aprobación a proposta de elaboración dunha lista de candidatos para a provisión daqueles postos de traballo do grupo V, categoría 003, que, de acordo coa normativa vixente, se oferten a persoas con discapacidade intelectual.

De aprobarse a proposta por parte da comisión permanente procederáse a apertura dun prazo de inscrición para que todas aquelas persoas que o soliciten e cumpran os requisitos antes indicados podan anotarse na devandita lista.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018
O Director Xeral da Función Pública
José María Barreiro Díaz

